

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso nunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/2116/18

Relacionado co G.6.Q/29064/17

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido ao retraso nunha valoración de discapacidade.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que anteriormente promovera outra queixa debido ao retraso da valoración de discapacidade. O 15/03/17 solicitara a valoración. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Confirmamos o retraso que motivou a queixa. Porén, a consellería informou de que unha vez que as medidas que indicaba estean a pleno rendemento mellorarán os tempos de atención das solicitudes. Indicamos ao reclamante que esperábase que entre elas estivera a súa, e se non fora así podería acudir novamente a esta institución.

Na nova queixa sinala que a consellería ofrece “boas palabras e un exercicio de boas intencións, as cales están por demostrar, unhas promesas que son fáciles de escribir, pero que hai que demostrar cos feitos para acompañar as promesas”. Ha de ser facilmente demostrable que esas medidas están a dar resultados positivos. Reclama información sobre a evolución en cifras das citas resoltas sobre valoración de discapacidade dende xaneiro de 2017 ata a data.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 15/03/2017 [REDACTED] presenta no rexistro Xeral da Xunta de Galicia na Coruña solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade. 2. Unha vez que foi mecanizada a solicitude [REDACTED], a aplicación informática asígnalle a seguinte codificación vinculada: número de expediente da solicitude: expediente físico [REDACTED] código [REDACTED]. Será preciso que a persoa interesada sexa

entrevistada polas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional.

**CONCLUSIÓN:** Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade b) solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos c) menores de 18 anos d) maiores de 90 anos e) pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo f) caducidade da valoración do grao de discapacidade g) existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que esta atrasando os prazos nos que se citan as persoas usuarias e se notifican as resolucións.

Neste momento non podemos ofrecer unha estimación de citación de [REDACTED]. Non obstante, estanse levando a cabo actuacións para corrixir esta situación e reducir os prazos de tramitación. Está previsto ampliar os equipos de valoración de xeito inminente, polo que é posible que a citación se realice en breve.

Esta información xa foi facilitada a esa institución mediante informe do 14 de decembro de 2017. O martes pasado, en sede parlamentaria, foron anunciadas unha serie de medidas que axilizarán as listas de espera das valoracións de discapacidade, mediante a creación de máis órganos de valoración. É toda a información da que dispoñemos neste momento.

Respecto da solicitude de [REDACTED] de coñecer a evolución en cifras das citas resultas no ano 2017, infórmolle que en canto se publique a memoria anual correspondente, será publicada na páxina web da Consellería de Política Social e o Valedor do Pobo terá coñecemento. Neste momento está en fase de aprobación. Lémbrolle que os cidadáns teñen dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que teñen a consideración de interesados”.

ANÁLISE

1. Coa información achegada confirmase o expresado polo afectado na súa queixa. O procedemento se atópase retrasado, posto que iniciouse o 15/3/17 e a consellería non anuncia unha data para a resolución.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa, sen que se dera solución. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados.

3. Estes problemas foron tratados en diferentes informes ao Parlamento e seguen sen solución, como o demostra a presente queixa. En anteriores respostas anunciábanse medidas para solucionar ou paliar esta situación, pero non deron os resultados adecuados. O comprobamos a través da presente queixa.

Nesta queixa se anuncian unha serie de medidas que axilizarán as listas de espera das valoracións de discapacidade mediante a creación de máis órganos de valoración. Porén, segue sen coñecerse o resultado das medidas ou ao menos as previsións de citas cos novos equipos, algo no que insiste o reclamante ante a prolongación da súa espera. Non se concretan nin a situación xeral das esperas nin a data na que previsiblemente se resolverá a valoración do afectado.

4. Iniciamos unha actuación de oficio (Q/29057/17) na que indicamos á consellería que “desde hai tempo aprécianse numerosos e considerables atrasos nas tramitacións das valoracións de discapacidades, especialmente en algúns equipos, o que afecta ás cidades e contornas nas que prestan servizo”. Considérase necesario coñecer os detalles da posta en marcha das medidas, os seus resultados e a súa previsible proxección.

Permanecemos atentos ao cumprimento do compromiso de diminuír os atrasos ata a terse aos prazos legalmente previstos. Como sinalamos, neste caso non se concreta a melloría da situación, posto que non se especifica a data prevista de valoración, en que medida mellorou o tempo de espera para as valoracións nos equipos e cando prevense as novas citas unha vez postas en marcha as medidas.

5. A persoa que reclama por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración

autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

### CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á revisión da valoración da situación de discapacidade do reclamante, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que tamén con urxencia habilítense as medidas anunciadas para normalizar a situación; e que se detallen os seus efectos ata facer cumprir os prazos.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo